



ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA WEB
www.concellodeparamo.es

Por resolución da Alcaldía de día 30 de xuño de 2017, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa ao proceso de selección de persoal laboral temporal, brigada de incendios de 5 compoñentes (1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns) do Concello de O Páramo, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Rematado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso de selección de persoal laboral temporal, brigada de incendios de 5 compoñentes (1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns) do Concello de O Páramo, en cumprimento do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de O Páramo, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e de conformidade co establecido nas bases aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 7 de xuño de 2017, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, RESOLVO

PRIMEIRO. *Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos, dos candidatos participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria dos 5 postos da Brigada de incendios do Concello de O Páramo.*

RELACIÓN DE ASPIRANTES XEFE DE BRIGADA

ADMITIDA/OS:

Rexistro e data	Nome e apelidos
1444/19.06.2017	Eva Villasol Rodríguez
1461/21.06.2017	Noelia Lence Cascudo
1500/23.06.2017	Manuel Quintana Fernández
1501/23.06.2017	Yolanda Fernández Pico
1516/28.06.2017	Patricia Pérez Morandeira

EXCLUÍDA/OS:

Ningún.



RELACIÓN DE ASPIRANTES PEÓN CONDUTOR E PEÓNS

ADMITIDA/OS:

Rexistro e data	Nome e apelidos
1429/19.06.2017	Andrea Rodríguez Lourés
1430/19.06.2017	David Liz Sierra
1435/19.06.2017	Iván Fernández García
1449/20.06.2017	Diego Miguel López Vázquez
1455/20.06.2017	Daniel Fernández Morillas
1457/21.06.2017	Aitor Armesto Gallego
1463/21.06.2017	Enrique Saa González
1467/21.06.2017	Marco Antonio López García
1473/22.06.2017	Aitor Besteiro González
1485/22.06.2017	Carlos Fernández García
1499/23.06.2017	José Antonio Bruzos Díaz
1515/28.06/2017	Patricia Pérez Morandeira

EXCLUÍDA/OS:

Ningún.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidatos, nin é necesario o trámite de emenda polos candidatos que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula cuarta das bases que regulan estes procesos de selección, dítase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar e hora de realización das probas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na páxina web www.concellodeparamo.es

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula quinta das bases que regulan estes procesos de selección, procedese a nomear como membros do tribunal cualificador e fíxase a data da súa constitución para o día 4 de xullo de 2017 ás 9.30h:

PRESIDENTE.- Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria-Interventora do Concello de Baralla.

Suplente : Dna. Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá.

SECRETARIO.- D. Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario-Interventor en acumulación do Concello de O Páramo.

Suplente : D. Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

VOGAIS.-

1º.- Titular: D. Manuel Piñeiro López, Funcionario do Concello de Paradela.

Suplente: D. José Ángel Balseiro Amido, Secretario-Interventor do Concello de Rábade.

2º.- Titular: Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Técnico de Desenvolvemento Económico e Social do Concello de Begonte.

Suplente : D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradela.

3º.- Titular : Dna. Natalia Puente Piñeiro, Traballadora Social do Concello de Begonte.

Suplente : Dna. Nadia Díaz Vázquez, Secretaria-Interventora do Concello de Taboada.

CUARTO. A realización da fase de oposición, terá lugar o día 4 de xullo de 2017, ás 10.00 h os peóns e as 11.00 h os xefes de brigada, na Casa do Concello de O Páramo - Páramo s/n 27363 O Páramo (Lugo), quedando neste acto convocados todos os aspirantes que deberán vir provistos do DNI. Trala fase de oposición, na mesma xornada e segundo o establecido nas bases que rexen o proceso de selección, procederase o acto de valoración de méritos da fase de concurso.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos para os efectos oportunos, a designación do tribunal e a data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en O Páramo a 30 de xuño de 2017.

O Alcalde,

O Secretario-Interventor en acumulación

Asdo: Gumersindo A. Rodríguez Liz

Asdo: Antonio Lorenzo Morandeira

Documento asinado ao marxe electronicamente”

Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na súa páxina web www.concellodeparamo.es, ante o alcalde do Concello de O Páramo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do



Concello de
O Páramo

Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na súa páxina web www.concellodeparamo.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

O Páramo, 30 de xuño de 2017.

O alcalde,

Gumesindo A. Rodríguez Liz

Documento asinado ao marxe electronicamente